

MEDIDAS ANTI COVID-19 PARA A ORGANIZACIÓN DAS PROBAS

1. Non poderán asistir ás probas aquelas persoas con síntomas compatibles coa COVID-19 (como febre, tose e sensación de falta de aire e, nalgúns casos, diminución do olfacto e o gusto, calafríos, dor de gorxa, dores musculares, dor de cabeza, debilidade xeral, diarrea ou vómitos), aquelas ás que se lles diagnosticase a enfermidade e que non rematasen o período de illamento, ou as que se atopen en período de corentena domiciliaria por ter tido contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada da COVID-19.

Non obstante, anunciase que aqueles que acrediten atoparse, na data de realización do exame, nalgunha das circunstancias anteriores, poderán solicitar a repetición do exame noutra data. Para elo deberán enviar un correo á secretaria do tribunal a través do correo electrónico controltransportes@xunta.gal.

Se algún aspirante iniciase síntomas durante a realización das probas, porao en coñecemento do Tribunal quen, a súa vez, porá esta circunstancia en coñecemento do persoal encargado da seguridade da EGAP para que trasladen inmediatamente á persoa afectada ao espazo habilitado para tal fin (sala de aillamento) e porase en contacto co teléfono de referencia 900 400 116. Se a persoa é de fóra da Comunidade Autónoma, chamará ao teléfono 881 002 021.

Respecto ao resto das persoas que compartían aula coa persoa que presentaba síntomas de enfermidade, adoptaranse as medidas preventivas que fixe o órgano competente da Consellería de Sanidade.

Así mesmo, o/a aspirante afectado/a deberá poñer en coñecemento do tribunal as pautas que lle marcou o 900 400 116 e, no caso de que fixese a proba para determinar se está infectado, é obrigatorio que informe ao tribunal do resultado.

2. Será obrigatorio o uso de máscara facial que cubra nariz e boca, en todo momento, tanto no exterior como no interior do edificio da Escola Galega da Administración Pública (EGAP).

Recoméndase a utilización de máscaras con homologación FFP2 ou superior, sen válvula de exhalación, ou, se non é posible, máscara quirúrxica.

Infórmase de que as ventás e portas das aulas permanecerán abertas durante a celebración das probas para garantir a súa ventilación, polo que se recomenda vir provistos de roupa de abrigo adecuada ás ditas circunstancias.

Deberán vir provistos de bolígrafo azul ou negro para a realización da proba.

Procurarse manter en todo momento silencio.

3.- Acceso á Escola Galega de Administración Pública (EGAP) e Aulas

EVITARANSE AS AGLOMERACIONES tanto fóra como dentro do edificio, e realizarase o acceso a este de forma ordenada e gardando a distancia de seguridade no momento no que un membro do Tribunal comece o chamamento.

Con carácter xeral, para todas as probas, o chamamento realizarase por orde alfabética 30 minutos antes da hora de inicio do exame para as probas de obtención e 15 minutos para as de renovación (ver cadro anexo)

Non obstante, nas probas de **obtención e renovación de TODAS AS CLASES (que teñen lugar en horarios distintos)**, o chamamento comezará, igualmente, 30 minutos antes do inicio do exame e realizarase por orde alfabética por quendas de 20 persoas, que se irán chamando cada 10 minutos, tal como se reflexa no cadro anexo.

Co fin de cumprir con esta medida rógame que en cada horario só se presenten ao chamamento as persoas que vaian a realizar a proba.

Unha vez accedan ao edificio e antes de acceder á aula onde realizarán o exame, permanecerán na zona de entrada da EGAP, respectando a distancia de seguridade, onde persoal de vixilancia indicarlles que deberán usar o xel hidoalcohólico que hai a disposición tanto nesta zona, como no acceso ás aulas, ter o DNI na man para ensinar ao tribunal. Nese momento poderase tamén ir ao baño.

No momento de acceder ao salón de actos ou á aula realizarase un control da identidade da persoa aspirante, quen deberá exhibir o seu DNI, ou documento equivalente, mediante o seu depósito no espazo habilitado para tal fin e, unha vez revisado, recollelo sen que por parte do persoal de vixilancia se manipule a dita documentación.

Así mesmo, deberá procederse á desinfección de mans con xel hidroalcohólico antes de entrar na aula.

Unha vez se acceda á aula sentaranse na butaca/pupitre que lle indique o persoal de vixilancia. Nesta atoparase a folla de resposta co número de butaca, a fin de facilitar o emprazamento exacto de cada aspirante e dos que se atopen máis próximos del, para o caso de precisar posteriormente coñecer a súa identidade.

Outorgarase 5 minutos para a lectura das instrucións e cobertura dos datos identificativos na folla de respostas, e a continuación indicarse a hora de comezo do exame.

Co obxectivo de reducir ao máximo o número de persoas concentradas en cada sala, non será preciso esperar á hora máxima de realización do exercizo, senón que, pola contra, invítase a abandonar inmediatamente a sala a aqueles que den por finalizado o seu exame, tanto de obtención como de renovación.

Non obstante, unha vez rematado o exame, para evitar a aglomeración de persoas no lugar de entrega dos exames, non se poderá levantar da súa butaca/pupitre, senón que levantará a man e un membro do tribunal ou persoal de vixilancia indicarlle que pode levantarse e depositar a súa folla de resposta no lugar habilitado para tal fin, quedando cunha copia e inmediatamente abandonará a aula pola porta designada en cada caso.

Posteriormente, deberán abandonar o recinto da EGAP respectando en todo momento a distancia de seguridade e sen sacar a máscara.

Ante a situación de pandemia na que nos atopamos, non se publicarán as respostas correctas na entrada da EGAP, como en convocatorias anteriores; están saírán publicadas na páxina Web da Consellería o día 16/11/2020